



PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

"VIAXE Á IDADE MEDIA A TRAVÉS DO CASTELO DE SOUTOMAIOR."

VII CONCURSO DE TRABALLO POR PROXECTOS

BIBLIOTECA ESCOLAR

CEIP MANUEL PADÍN TRUITEIRO.

ARCADE - SOUTOMAIOR.

CURSO 2020-2021.

ÍNDICE.

1.- *Introdución.*

A.- *Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares.*

B.- *Competencias clave desenvolvidas no proxecto.*

C.- *Concreción Curricular.*

D.- *Temporalización.*

E.- *Alunado e profesorado participante.*

F.- *Organización.*

2.- *Obxecto ou temática de investigación propostos.*

3.- *Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.*

4.- *Documentación elaborada para profesorado e alumnado.*

5.- *Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.*

6.- *Recursos utilizados e enumeración detallada das fontes consultadas para a investigación.*

7.- *Implicación da comunidade educativa.*

8.- *Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.*

9.- *Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo. Procedementos empregados.*

10.- *Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.*



A estrela indícanos que premendo na imaxe accedemos a un enlace externo.

1.- Introducción.

Escomenzamos a nosa andaina como CEIP no curso 2018-2019 e dende o momento que escomenzamos a camiñar sós, tiñamos claro que a **Biblioteca do centro** tiña que ser o **eixo vertebrador das nosas actividades**, polo que o 1º obxectivo era formar parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e dende o curso 2019-2020 aí estamos, felices e con moita ilusión.

Contamos cun equipo de Biblioteca estable e dinámico, no que están representados os diferentes niveis educativos, o equipo directivo, o equipo TIC e o EDL. Dende esta estrutura organizativa coordínanse, para todos os niveis do centro, propostas, actuacións e dinámicas relacionadas co fomento da lectura, a formación de usuarios, etc; que contribúen á mellora das competencias clave.

O curso pasado dende a biblioteca xurdíu un PDI no que participou todo o centro pero por mor da pandemia vimos truncadas as nosas ilusións con el, xa que dende o confinamento e ante a incertidume na que nos atopamos non fomos quen de continualo no confinamento, polo que este curso decidimos retomalo onde o deixáramos, con máis gañas e ilusión, co fin de facerlle aos nosos alumnos e alumnas un curso máis divertido, que lles axudara a minimizar todo o que estábamos a vivir. Polo que todo o centro decidimos apuntarnos a esta aventura. Ao longo do curso presentamos o PDI dun xeito atractivo, fixemos del un proxecto activo no que o noso alumnado se sentiu partícipe e impulsor do proxecto e das aventuras que escomenzamos a vivir.

Somos un centro de 21 unidades, 6 de Educación Infantil e 15 de E. Primaria. Co anxeio, ánimo e esperanza de facer as cousas o mellor posible e de camiñar xuntas e xuntos cara a un ensino máis inclusivo e enriquecedor no que proporcionarlle aos nosos alumnos e alumnas as ferramentas para un correcto desenvolvemento na súa vida diaria, tratamos de ser unha porta aberta ao mundo das emocións e sentimentos nobres e puros.

A.- Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares.

Atopámonos nun lugar privilexiado "Soutomaior" onde temos un dos maiores tesouros da historia de Galiza, está próximo á realidade do noso alumnado, pero é un gran descoñecido para todxs elxs, polo que imos aproveitar ao máximo "A historia do Castelo de Soutomaior e a linaxe do mesmo nome" para viaxarmos á Idade Media.

Entre todxs imos coñecer o castelo dende os seus inicios no século XII con Paio Sorrede, pasando pola figura máis salientábel, D. Pedro Madruga o señor do castelo dende 1430 ata 1486 (Século XV) e para rematar esta 1ª incursión na vida do castelo de Soutomaior chegamos ata o seu neto Pedro co que remata a linaxe dos Soutomaior.

Coñecer o Castelo e o seu entorno vainos levar a coñecer unha das etapas máis importantes da historia de Galicia, xa que foi unha etapa de esplendor para a nosa lingua, música e a cultura galego-portuguesa.

Ímonos adentrar nun mundo apaixonante do que imos tentar coñecer todo. Como se vivía, como se vestía, como se divertían, as clases sociais, os oficios, as loitas de poder,...

Parécenos moi importante que o noso alumnado sexa quen de valorar o seu entorno máis próximo, non fai falla ir moi lonxe para saber, coñecer, ensinar e aprender.

Polo que durante o curso 2020-21 dende a biblioteca e dende o centro decidimos escoller este tema por formar parte do noso entorno máis próximo, aportándonos unha temática ampla e interdisciplinar.

O lema foi "Viaxe á Idade Media" e colocámolo na entrada da nosa biblioteca, deixando así claro que esta ía ser o lugar clave para a busca de información e investigación do proxecto. Coñecer a figura de Pedro Madruga foi a que nos guiou e motivou a toda a comunidade educativa nesta aventura.

Este PDI tivo como obxectivo fundamental mellorar e fomentar a mellora na competencia en expresión oral e escrita, a comprensión oral e lectora de textos sobre o tema, a lectura entoada que xunto coa expresión corporal forman parte dunha boa comunicación.

Dado o carácter interdisciplinar do tema, o PDI estivo presente na Aprendizaxe do alumnado nas áreas de Ciencias Sociais, Lingua Galega, Matemáticas, Música, Plástica e Educación Física.

Partiamos das preguntas: Que queremos saber? E, que imos facer?

Dende Infantil ata 6º de E. Primaria, coa axuda das familias e do persoal non docente, é dicir, de toda a comunidade educativa, fomos quen de CREAR, ADAPTARNOS, CONSTRUIR E DESEÑAR diferentes materiais e producións.

O proceso de investigación realizouse nos 3 trimestres e preparando o produto final para o 3º trimestre.

En todas as aulas houbo propostas de exposicións dos traballos realizados e en 5º nivel houbo propostas de exposicións orais para o resto do alumnado sobre o aprendido.

O tema: "**Viaxe á Idade Media a través do Castelo de Soutomaior e a súa linaxe**" estivo presente nas sesións de Lingua Galega na escrita de carteis, información sobre a Idade Media, lecturas, exposicións orais, gravacións ...

Por suposto, a busca de información e redacción de ideas principais sobre o contido atopado e a exposición oral final para a páxina web (para que as familias puidesen gozar desta actividade, xa que as restricións epidemiolóxicas non permitiron a presenza das familias na escola) son contidos das áreas lingüísticas.

As suxestións, carteis, programas de radio e de televisión, tamén entroncan directamente coas Linguas.

Durante o proceso traballáronse contidos de Lingua Galega, Ciencias Sociais (etapa histórica, liña do tempo, estamentos sociais, características da Idade Media, o sistema feudal), Matemáticas (medicións para a elaboración de carteis, traballos, exposicións, ...), Plástica, Música (instrumentos musicais do medievo a través do Pórtico da Gloria e do Paraíso) e Ed. Física (expresión corporal, coreografías de bailes medievais). Por tanto, podemos dicir que nesta ocasión tratáronse contidos curriculares de case todas as materias.

B .- Competencias clave desenvolvidas no proxecto.

Estiveron integradas todas as competencias clave nas diversas tarefas e actividades, que fomos realizando ao longo do proxecto. Cunha metodoloxía activa, participativa, inclusiva, onde conxugamos a primeira persoa do plural o "Nós", democrático, plural, cooperativo, ... e dirixido ao longo dos obxectivos e das competencias clave.

A través da investigación-acción os discentes son elementos primordiais no proceso de aprendizaxe. Aprender a aprender, o descubrimento guiado como alicerces fundamentais do noso proxecto. No proceso procuramos que tanto as actividades como as tarefas plantexadas, estiveran vencelladas a contextos reais da vida mesma (as exposicións, a guía do concello), monitores culturais dos compañeiros e compañeiras e familias, murais, carteis, etc.

- **CCL:** traballamos a mellora da expresión oral a través das exposicións; a comprensión lectora mediante a busca de información para o proxecto, a lectura dos paneis informativos, a preparación das exposicións e dos documentais e a preparación dos programas de radio escolar; a expresión escrita a través do extracto de ideas principais e síntese da información atopada, escrita dos paneis informativos, artigos da revista escolar, comprensión oral mediante a escoita activa das exposicións orais dos compañeiros/as e visionado dos videos.
- **CMCT:** Realizáronse medicións e proporcións para poder realizar os paneis, impresión de fotografías,... Planificaron a realización e comunicación de resultados das investigacións.
- **CD:** utilizáronse as TICs para a busca de información, seleccionando fontes seguras e veraces. Fomentouse a mellora na utilización das TICs a través da elaboración e posterior publicación dos paneis, presentacións en power-point das exposicións orais.

- **CAA:** reflexionamos sobre o que se sabemos, o que queremos saber, onde buscamos, como nos organizarnos para atopar as respostas, que aprendemos... Estas preguntas obrigan a coñecer distintas estratexias para afrontar tarefas, planificación, e avaliación do resultado e do proceso levado a cabo. Utilizando como guías as unidades de investigación.
- **CSC:** participamos de forma activa na comunidade educativa e fóra dela. Leváronse a práctica estratexias da aprendizaxe cooperativa e prácticas baseadas no pensamento crítico e creativo. A través do proxecto o alumnado mellorou a capacidade para relacionarse coas persoas (grupos burbulla) e participar de maneira activa na vida social a pesar das restricións por mor da COVID-19, situación que nos limitou bastante á hora de abrir as portas da nosa escola para as exposicións.
- **CSIEE:** coas visitas realizadas ao castelo coas súas familias o alumnado deseñou un plan de visita. Estas visitas non puideron ser grupais polas restricións pero si en grupos familiares nos seus ratos de lecer (sábado, domingo). Fomentouse a iniciativa e interese en todo o alumnado.
- **CCEC:** o tema do proxecto era coñecer unha parte da nosa historia e dala a coñecer polo que, en todo momento tratouse de mellorar a capacidade do alumnado para apreciar a importancia da expresión a través de exposicións, visitas ás exposicións realizadas no centro. Demos prioridade ao desenvolvemento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade. Démoslle valor a liberdade de expresión e sobre todo, mostrouse interese, aprecio, respecto, disfrute e valoración crítica dos traballos realizados polos compañeiros e compañeiras.

C .- Concreción Curricular.

Tratáronse moitos estándares de aprendizaxe , contidos e criterios de avaliación plasmados no currículo. Nomearemos aqueles criterios de avaliación máis relevantes.

Algúns dos **criterios de avaliación** traballados foron:

- Participar en situación de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais.
- Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.
- Producir textos orais breves, imitando modelos e atendendo á forma e a intención comunicativa.
- Usar, de xeito guiado, a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.
- Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación dun modo eficiente e responsable para presentar as súas producións, buscar información.
- Amosar respecto polos diferentes tipos de expresión plástica.
- Usar léxico adecuado.

E a través do seguinte enlace pódese acceder a concreción curricular por niveis:



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelpadintruiteiro/?q=system/files/Concreci%C3%B3n%20curricular%20por%20niveis%20do%20PDI.%20VIAXE%20C3%81%20IDADE%20MEDIA%20DENDE%20O%20CASTELO%20DE%20SOUTOMAIOR..pdf>

D .- Temporalización.

O PDI comezou no mes de outubro e rematou o 18 de xuño coa exposición "Instrumentos musicais do medievo" xa que a "Feira Franca" que sería a **actividade culme do proxecto** e estaba prevista para o fin de semana do sábado 19 e o domingo 20 de xuño. Non se puido realizar polas restricións epidemiolóxicas. Tendo organizados máis dunha vintena de postos artesanais, con persoas do noso concello, queda para o vindeiro curso xa que toda a comunidade educativa decidía adiala pero sen perder a ilusión por facela o vindeiro mes de xuño.

O proxecto tivo tres etapas:

- No primeiro trimestre houbo unha primeira fase de aproximación, primeiras investigación e primeiras tarefas.

- No segundo de elaboración de investigacións e consolidación de tarefas nas diferentes aulas. Tarefas que se ían propoñendo dende a biblioteca do centro a través do taboleiro do proxecto e da páxina web do centro, ademais da entrega de pergameos a cada aula coas tarefas encomendadas. (Material complementario)

- No terceiro trimestre de preparación das exposicións, xornal, publicidade, tarefas, etc. para a exposición final.

A temática do castelo e a súa historia, estivo presente durante todo o curso nas expresións orais, nas titorías, linguas, proxectos, nos contextos educativos de aprendizaxes, nas distintas celebracións (Samaín, día da Paz, Entroido, Letras Galegas...).

E. – Alumnado e profesorado participante.

O proxecto levouse a cabo grazas á implicación de todo o profesorado (31 mestras/es) e 408 alumnas e alumnos (E. Infantil e Primaria). Os titores/as mediante o desenvolvemento de proxectos nas súas aulas, colaboración en todas as actividades, preparación dos corredores, os mestres/as especialistas nas súas áreas. O alumnado estivo moi involucrado e motivado a súa participación foi moi activa e ilusionante para todas e todos, foi do seu interés dende o seu plantexamento e durante o desenvolvemento do proxecto.

F. – Organización.

Dende o equipo de Biblioteca propúxose o tema e as liñas prioritarias de actuación presentadas para o PLAMBE a finais do curso pasado. Unha vez aprobado polo Claustro dende o equipo coordinouse, temporalizouse e organizáronse as diferentes tarefas levadas a cabo durante o presente curso escolar, xa planificadas en setembro no PAL e na PXA.

Mantivemos reunión periódicas mensuais nas que valorábam os tarefas plantexadas e os resultados das que se ían facendo, a planificación sempre ía acompañada dunha guía para a realización das mesmas.

O equipo de EDNL aportou a súa colaboración na elaboración de carteis. O Equipo de Dinamización das TICs colaborou na divulgación fundamentalmente a través da páxina web do centro e do Instagram do colexio de todas as actividades levadas a cabo. O Equipo de Actividades Extraescolares colaborou na organización das exposicións e na elaboración dos vídeos e na organización das celebracións relacionadas.

O alumnado vai ser o protagonista do seu propio aprendizaxe, imos buscar a súa autonomía e responsabilidade. Elas e eles van:

- Planificar o traballo.
- Estructurar o traballo.
- Elaborar os produtos.

As familias tamén colaboraron coa aportación de fotos, maquetas de castelos e na elaboración dos monicreques para o Entroido.

2. – Obxecto ou temática de investigación propostos.

O PDI "Viaxe á Idade Media, dende o Castelo de Soutoamior" propónse dende o Equipo de biblioteca para que nas aulas se levan a cabo proxectos de investigación sobre a nosa historia máis próxima, xa que contamos no noso concello cun dos Castelo medievais máis importantes da historia de Galicia e no que viviu un dos personaxes máis enigmáticos e descoñecidos da nosa historia: "D. Pedro Álvarez de Soutomaior" unha das linaxes máis importantes de Galicia.

A maiores dos proxectos das diferentes aulas o centro propón como obxectivo do curso unha mellora na comunicación verbal, na fala e lectura entoada, na expresividade... e coñecer a nosa historia, a historia do noso entorno.

O produto final culme do proxecto non puidemos realizalo como xa explicamos anteriormente, pero si puidemos realizar as exposicións propostas ás familias e a difusión das exposicións orais realizadas polo nivel de 5º de E.


Primaria, a estes proxectos de investigación se lle uniron moitas tarefas competenciais, sempre realizadas polo alumnado.

3.- Breve descripción do proceso de deseño e elaboración da proposta.

Como pasaron moitos meses dende que deixamos a escola, escomenzamos setembro introducindo o proxecto como eixo motivador para un inicio escolar distendido e divertido. Introducimos as titoras/titores e especialistas a idea do proxecto, explicámoslles como xurdíu a idea e o por que, ao profesorado novo. Lembrámoslles que elxs van ser os artífices da súa planificación, precisámos toda a súa axuda e implicación para sacalo adiante, para ilusionar ao noso alumnado e a toda a comunidade educativa.

Plantexamos a 1ª actividade proposta dende a biblioteca para todo o centro:

Na páxina web do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelpadintruiteiro/>)






No apartado de:

Os nosos proxectos de centro atoparemos a 1ª actividade.

Ademais na biblioteca apareceu un libro antigo que temos que abrir, dese libro sairá a seguinte pregunta:

- CAL É O MONUMENTO MÁIS IMPORTANTE A NIVEL HISTÓRICO, ARQUITECTÓNICO, TURÍSTICO E SOCIAL DO NOSO CONCELLO?



Como non puidemos ir todos á biblioteca tocoulle abrir o libro a 1º C de E.Primaria e eles son os encargados de colocarnos a pregunta na cortiza da entrada principal, a onde fomos a vela, ademais de vela na páxina web.

A proposta de realización da actividade enviouse tamén ao correo de cada aula para que puideran abri-la tamén na aula.

Escomenzamos con esta tarefa a investigación, esta fixémosla do seguinte xeito: cada nena/neno formulou a pregunta nas súas casas e consesuraron a resposta coas súas familias.

A medida que ían traendo as respostas fomos expoñéndolas aula e sacamos conclusións, a través de postas en común. Despois da investigación e as conclusións elaboramos a resposta de xeito colectivo (gran grupo) e colocámola no taboleiro de cortiza. **Cartel no taboleiro de cortiza: pregunta /resposta.**

O resultado da 1ª tarefa do proxecto, podemos velo no seguinte enlace:

<https://madmagz.com/magazine/1915800>



Xa estamos involucrados no noso PDI de centro, e agora toca ambientar corredores e aulas, imos converter o noso centro nun Castelo, nas aulas de plástica imos ir preparando os corredores e as portas das aulas para decoralas como un Castelo. Podemos velas na memoria fotográfica do PDI, que enviamos nun enlace a DRIVE.

En 5º e 6º traballaremos a webquest preparada dende o equipo das TICS, atópase no seguinte enlace:

<https://sites.google.com/view/viaxe-a-idade-media/introducci%C3%B3n>



VIAXE Á IDADE MEDIA, O CASTELO DE SOUTOMAIOR E D. PEDRO MADRUGA

Investigamos por equipos (os formados para o traballo cooperativo na aula)
Que é un castelo? Partes dun castelo? Funcións dun castelo? Seguimos o guión preparado na planificación e respectamos o tempo dado para buscar a información.
Que é a heráldica? A través dun pregón anunciamos esta tarefa, podemos ver o pregón no seguinte enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=tiDNbSyYvMY&t=32s>



PRODUTO FINAL

Adornamos os corredores, transformámoslos nun castelo. (Aportamos fotografías)
Preparamos a nosa propia heráldica para adornar os corredores do castelo.
Elaboramos paneis informativos co investigado e porémolos polos corredores a modo de exposición. Cada curso elaborará o seu.

Podemos ver os resultados no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelpadintruiteiro/?q=node/772>



1º TRIMESTRE

OCTUBRO

Como é tempo de Samaín, imos investigar a cerca das lendas do castelo, esta vez plantexarémolo como un pequeno reto. Deberán preguntar na casa, aos amigxs, aos avós e avoas, etc, se coñecen algunha lenda do castelo ou dos arredores e se coñecen pedirémolles que nola conten e nós como expertos reporteiros escribiremola e traerémola ao cole onde as seleccionaremos, e ilustraremos.

PRODUTO FINAL

Elaboraremos pequenos papiros con elas e realizaremos contadas de lendas entre nós, contaremos algunha na radio escolar. Quedarán expostas nos corredores ou na propia aula. En 5º e 6º facemos banda deseñada coas lendas e un conto coa lenda do alcume de Pedro Madruga. (Envíanse como material complementario.)

Están nos seguintes enlaces:

<https://madmagz.com/magazine/1681093>



<https://madmagz.com/magazine/1682273>



<https://madmagz.com/magazine/1682485>



<https://madmagz.com/magazine/1682227>



<https://madmagz.com/magazine/1682281>



NOVEMBRO

DECEMBRO	Escomenzamos coa historia do castelo dende os seus inicios ata os nosos días. E traballamos as súas partes. Investigamos en internet, nos libros que temos na biblioteca, preguntando as nosas familias, etc. PRODUTO FINAL: Elaboraremos exposicións do investigado que exporemos polos corredores da escola, power-point e video sobre as partes do castelo. Colgámoslos na páxina web para compartir entre os diferentes cursos. Podemos ver o resultado no seguinte enlace na nosa páxina web: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelpadintruiteiro/?q=node/778 ★ E o video realizado polo alumnado sobre as partes do Castelo no seguinte enlace: https://www.youtube.com/watch?v=vfXqTi8YeMM ★ http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelpadintruiteiro/?q=https%3A//www.youtube.com/watch%3Fv%3DvfXqTi8YeMM ★
2º TRIMESTRE XANEIRO E FEBREIRO	Para o día da Paz realizaremos por aulas diferentes "Tratados de Paz" para expór no castelo como se foramos señoras e señores medievais. Investigamos sobre o "Traxe medieval, traballos e estamentos sociais", imprimimos fotos de traxes, buscamos información relativa aos estamentos sociais e ao traxe medieval. PRODUTO FINAL: Elaboramos un "Tratado de Paz" Elaboramos unha exposición polos corredores da escola cos diferentes traxes medievais e a carón de cada un colocaremos unha tarxeta informativa a cerca do mesmo e da que estamento pertencía. En Educación Física realizamos un xogo de búsqueda de pistas a través da exposición de traxes e estamentos sociais do medievo. Genially sobre os estamentos sociais e pirámide estamental.
MARZO	Co gallo do Día da muller decidimos achegarnos as mulleres da Idade Media para afondar así un pouco máis dentro desta época histórica, viaxamos á Idade Media para coñecer o papel da muller galega nesta etap histórica, unha etapa na que o papel das mulleres estaba oculto e explicado en chave masculina e por iso decidimos visualizalo. Escomenzamos a tarefa: Que sabemos? Poñémolo en común e sacamos as primeiras conclusións. Investigamos e buscamos información Organizamos e seleccionamos a información. Montamos a exposición. PRODUTO FINAL Exposición a modo de póster nos corredores da escola, coa vida das mulleres máis salientables da Idade Media. Podemos ver o resultado no seguinte enlace: https://madmagz.com/magazine/1886940 ★

3º TRIMESTRE	ABRIL E MAIO	Toca investigar ao señor do castelo: D. Pedro Madruga e vai ser el mesmo quen nos explique a tarefa que temos que realizar, podedes vela no seguinte enlace: https://www.youtube.com/watch?v=zCdSB_bmJLE&t=5s  E na nosa páxina web. Para realizar a tarefa seguimos o esquema de traballo cooperativo fixado. Investigamos sobre este personaxe, tan ilustre como malvado e enigmático. Elaboramos un power-point coa información seleccionada, un mural con fotografías e a historia de Pedro Madruga. Programa de radio sobre D. Pedro Madruga. Ilustramos retratos de Pedro Madruga para adornar os corredores do noso castelo. Escribimos un conto para agasallar á biblioteca do centro, versa sobre Pedro Madruga. Publicamos na revista escolar "Latexos de Negueirós" na parte central un especial sobre o PDI. Podemos ver o resultado da tarefa no seguinte enlace: http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmanuelpadintruiteiro/?q=taxonomy/term/119  Nas aulas de música investigamos sobre os instrumentos musicais e o baile no medievo. Imos saber que é unha cantiga, quen as escribíu, onde se conservan e que era a literatura galego-portuguesa e o seu significado para Galicia. PRODUTO FINAL: Realizamos retratos de Pedro Madruga para adornar o castelo e coñecelo mellor. Exposición oral sobre a súa vida. (5º nivel) Power-point sobre Pedro Madruga. Realizaremos unha exposición de carteis en papel pluma sobre os diferentes instrumentos musicais empregados no medievo, cunha pequena explicación de cada un deles. Realizamos traballos individuais sobre cada instrumento dende 1º de E. P ata 6º de E. P. Educación Infantil recompilará todos os traballos feitos (ilustracións, pequenos textos como frases, oracións curtas e elaborou dous libros de "Cousas do Castelo de Soutomaior e Pedro Madruga" para a biblioteca.
	XUÑO	* Investigar que era unha "Feira Franca" cal era a súa función e encaixar nela toda a información estudada durante o curso. Elaborar o noso posto para a feira franca organizada dende a escola, ANPA, institucións do concello e comerciantes. Excursión ao castelo coas familias onde realizaremos exposicións simultaneas nas diferentes estancias do castelo. Durante o mes de xuño na entrada principal nos recreos, estarán postos os power-point, videos e genially realizados durante o curso para aquel alumnado que queira velos, a modo sesións de cine-forum.

*As tarefas do mes de xuño non puidemos realizalas como xa explicamos ao inicio da memoria. As restricións epidemiolóxicas non nolo permitiron, deixámolas en stand-bye para realizalas o vindeiro curso.

4.- Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

O equipo de Biblioteca e os seus axudantes (alumnado voluntario) seleccionaron os fondos bibliográficos existentes na biblioteca do centro para pór a disposición do profesorado e do alumnado en expositores temáticos e por etapas educativas. (Expositor para Primaria e expositor para Infantil).

Do mesmo xeito, os outros equipos de traballo do centro (EDL, TICs e ACE) xunto co da Biblioteca, fixeron a súa aportación seleccionando recursos atopados na internet, difundindo a información e os traballos realizados a través da páxina web, Instagram, no blog do centro e no taboleiro de cortiza destinado ao PDI do centro.

Para o profesorado elaborouse unha guía, un calendario coa distribución das tarefas e habilitáronse zonas específicas para o desenvolvemento do PDI. Enviáronse notas informativas e realizouse taboa de avaliación.

Para o alumnado realizáronse unidades de investigación, deseño das tarefas e materiais necesarios para a súa realización.

Visualizáronse nas aulas os video de Pedro Madruga: <https://www.youtube.com/watch?v=EUncvJ27oeg> ★

O Castelo de Soutomaior: <https://www.youtube.com/watch?v=WII4rWct9DQ> ★

Para introducir as tarefas a realizar.

5.- Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.

O noso alumnado foi o verdadeiro artífice do PDI, sentímonos satisfeitos e orgullosos do seu traballo, nós actuamos como guías dos seus descubrimentos.

- Descubrimos cal é o monumento máis importante do noso concello: O Castelo de Soutomaior.
- Ambientamos os corredores, biblioteca, entrada principal, como se fose un castelo
- Realización de paneis coa imaxe do Castelo, as súas partes e a función de cada unha delas.
- Video explicativo das partes do Castelo.
- Exposicións orais.
- Coñecemos a nosa heráldica: cada nena/neno elaborou o seu escudo para adornar as paredes do noso Castelo.
- Investigamos sobre a heráldica dos Soutomaior.
- Polo día de Paz, todas as aulas realizamos un Tratado de Paz exposto no corredor do Castelo.
- Realizamos investigación sobre o papel da muller na Idade Media.
- Realización de paneis sobre a muller para expór nos corredores, con toda a información recabada.
- Exposicións orais coa información.
- Investigamos sobre a linaxe dos Soutomaior, para centrármonos na figura de D. Pedro Álvarez de Soutomaior. Pedro Madruga.
- Realizamos retratos del, paneis informativos, power-point e exposicións orais.
- Programas de radio e TV.

6.- Recursos utilizados e fontes consultadas para a investigación.

Na entrada da biblioteca estiveron expostos durante todo o curso libros de consulta e narrativa.

Nas horas reservadas nas titorías para o uso de biblioteca era cando cada aula avanzaba nas tarefas, buscando tanto nos libros de consulta coma nos ordenadores da biblioteca.

Tamén buscamos información na hora reservada á aula de informática.



CEIP MANUEL PADÍN TRUITEIRO

Fontes: fotografías de arquivos varios de internet e fotografías aportadas polo alumnado e profesorado.

- Bibliografía e webgrafía:

- "Pedro Madruga de Sotomayor". Gaspar Masso. Editorial de los Bibliófilos Gallegos.

Bibliófilos Gallegos.

- "El castillo de Soutomaioir" Diego Piay Augusto. Editorial Alvarellos.

- "El castillo del marqués de Mos en Sotomayor". Apuntes históricos por la marquesa de Ayerbe.

<https://www.castelodesoutomaioir.com/gl/inicio>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Castelo_de_Soutomaioir

<https://www.soutomaioir.gal/gl/o-castelo-de-soutomaioir/>

<https://www.youtube.com/watch?v=M9JWU4dciec&t=69s>

<https://turismoriasbaixas.com/gl/recursopan1?content=280380818>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Pedro_Madruga

<https://recreacionhistoria.com/pedro-madruga/?lang=gl>


7.- Implicación da comunidade educativa.

A implicación da Comunidade Educativa pode calificarse de espectacular:

- O Equipo Directivo apoiou cada unha das propostas que formulamos ó longo do curso.
- Todo o alumnado, co seu profesorado titor/a á fronte, participou nas diversas actividades e investigou sobre tema requerido.
- Os Equipos (EDL, TIC, EACE, Música) colaboraron co proxecto, e incorporaron contidos relacionados co mesmo nas súas programacións.
- A ANPA apoiou de xeito entusiasta o proxecto, brindándonos a súa colaboración sempre que se requiriu. No inicio do PDI, a ANPA colaborou con nós preparando a biblioteca do centro.
- As familias tiveron unha participación variada e intensa: Investigando cos seus fillos, realizando maquetas aínda que non puideron acudir á escola presencialmente por mor das restricións epidemiolóxicas.

Persoal non docente colaborou con nós preparando a entrada do edificio principal, ambientándoa como un sala do trono.

"VIAXE Á IDADE MEDIA"



8.- Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

Difundímolos a través da páxina web do centro, instagram e con notificacións as familias.

A nosa comunidade educativa foi partícipe, na medida do que nos permitiu a pandemia:

- Cada clase do centro, fixo aportacións e participou en todas as tarefas propostas do PDI.
- Espuxéronse as maquetas dos castelos no corredor da escola.
- Colgáronse as exposicións na entrada principal do segundo edificio.
- Incluíuse un apartado especial na radio escolar sobre o proxecto.
- O proxecto foi incluído na revista "Latexos de Negueirós" do centro.



9.- Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo. Procedementos empregados.

Cando rematamos o PDI, sentímos un nivel de satisfacción alto, pola cantidade de competencias traballadas, pola variedade de contidos tratados e pola implicación da comunidade educativa.

Por outra banda, o Equipo de Biblioteca realizou unha enquisa final de curso ós tres grupos da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias) na que se medía o nivel de satisfacción respecto a temas vencellados co PDI.

As opinións do profesorado, alumnado e familias foron moi satisfactorias, sacando como conclusión que temos ao noso carón un dos tesouros da historias de Galicia e que fomos quen de poñelo en valor na nosa escola e no noso entorno.

O proceso de avaliación foi en gran medida realizado polos titores e titoras nas aulas, a través da observación sistemática e a análise das producións do alumnado. Eses resultados formaron parte das avaliacións finais nas áreas de ciencias sociais, lingua galega e música.

Non será menos valiosa a aportación que nos ofrece a comunidade educativa e que tanto pola súa implicación, a pesar do curso difícil co que nos atopamos, como pola súa ilusión a colaborar polas tardes e a organizar a "Feira Franca" sabendo que era posible que non se podería realizar, todo elo superou amplamente as expectativas que nunha avaliación inicial contemplabamos como posibles.

10.- Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

O equipo de biblioteca pon a andar o traballo, exerceu de organizador da actividade, estivo presente en todas e cada unha das actividades que se levaron a cabo e mantivo contacto permanente co profesorado, sendo este equipo o punto de referencia para todas aquelas entidades e persoas que participaron no proxecto que presentamos.


CEIP MANUEL PADÍN TRUITEIRO

"VIAXE Á IDADE MEDIA"

A biblioteca coordinou e organizou o desenvolvemento do PDI, realizou a avaliación do proceso, elaborou e promoveu as diferentes tarefas en coordinación sempre co resto do profesorado e aberto ás suxestións que se aportaban como á introducción de novas tarefas en determinados ciclos ou aulas.

Sempre estivo disposta a prestar axuda a todo o profesorado, familias, persoal non docente, en definitiva, a toda a Comunidade Educativa.

En Arcade a 8 de xullo de 2021.



Francisco Javier Obelleiro Piñón.

Director do CEIP Manuel Padín Truiteiro. Arcade – Soutomaior.